

SOMOS GALEGO

Suplemento
realizado
pola Mesa pola
Normalización
Lingüística

A MESA POA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

Cuarta feira,
31 de outubro
de 2018
Número 17



O Estado español incumpre a Carta europea das linguas >>> 2-3


Endesa non atende as queixas en galego >>> **páxina 2**

O SERGAS nega o galego nun programa de consultas >>> **páxina 5**

Compañías telefónicas desprezan a lingua propia de Galiza >>> **páxina 6**

C's procura protagonismo arremetendo contra o galego >>> **páxina 7**

Endesa nega a atención en galego



A empresa enerxética Endesa non é capaz de utilizar a lingua galega e gabouse de non o facer nas redes sociais en resposta a unha queixa do xornalista Pablo L. Orosa. A Mesa pola Normalización Lingüística considera o sucedido como unha mostra máis dos atrancos que existen para poder realizar operacións cotiás en galego na propia Galiza.

Endesa debe ter en conta que as consumidoras e consumidores galegos teñen dereitos lingüísticos recoñecidos pola lexislación, pois alén das leis que establecen a oficialidade do galego e o dereito que temos a usármolo e non sermos discriminadas nin discriminados por facelo (como o Estatuto de Autonomía, a Lei de normalización lingüística ou a Lei 1/2010, relativa aos servizos no mercado interior), na nosa condición de consumidoras,

a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias recoñece no seu artigo 46 uns dereitos lingüísticos mínimos, indicando que:

“As persoas consumidoras, nas súas relacións de consumo, teñen dereito a usar calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma de Galiza, sempre e cando a contratación se realizase ou o consentimento se manifestase no territorio da comunidade autónoma de Galiza, así como nos supostos de publicidade, ofertas, promocións ou comunicacións comerciais recibidas en Galiza”.

O caso de Endesa non é único e vai na liña das empresas públicas e privadas que a pesar de ofertaren servizos en Galiza néganse sistematicamente a daren a opción de galego nas súas facturas, documentos, información escrita ou telefónica.



A Mesa envía ao Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias un relatorio sobre a situación do galego que será tido en conta para a elaboración do quinto informe de avaliación do cumprimento deste tratado. O relatorio sinala incumprimentos en todas as áreas onde o Estado e a Xunta deben garantir a presenza normal do galego: educación, saúde, vida social e económica, xustiza, lecer, medios de comunicación, relacións transfronteirizas, etc.

A Mesa pola Normalización Lingüística.

Podes consultar máis información na súa páxina web: www.amesa.gal.



Estado español e Xunta vulneran os nosos dereitos lingüísticos

A Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias é un tratado internacional promovido polo Consello de Europa para garantir a normalidade das linguas minorizadas e que o Estado español ratificou en 2001 no seu grao máximo, agás no punto relativo á universidade. Segundo a Carta, o Estado ten que garantir o uso pleno do galego nos territorios onde é oficial ou está protexido polo estatuto en ámbitos como educación, xustiza, administración, relación sociais e económicas, cultura ou relacións transfronteiras. Isto afecta a Galiza e as zonas de lingua galega de Castela e León.

En ocasións anteriores, os expertos europeos alertaron sobre as graves deficiencias na aplicación da Carta, nomeadamente no do ensino, o que motivou unha recomendación do propio Consello de Ministros sinalando que a introdución doutra lingua non podía servir de escusa para a eliminación da propia. Porén, nesta ocasión, o Estado remitiu ao Comité de Expertos un informe que manipula os datos e que mente, co fin de obter unha avaliación positiva. “O Estado mente ao Consello de Europa manipulando os datos oficiais”, asegura Marcos Maceira. Chega a afirmar que “a maior parte do alumnado fala galego entre si, co profesorado e na casa”, cando tal e como sinala a Mesa no seu relatorio, “en 2014 tiñamos a cifra máis alta de menores de 15 anos que aseguran non seren capaces de falar galego (20%)”. Neste sentido, o relatorio da Mesa emprega estatísticas oficiais, informes da propia Mesa e mais do Consello da Cultura e da RAG, así como informacións recollidas pola prensa que desmenten algunhas graves manipulación do Estado.

Tras a entrega do relatorio esta mesma semana na asemblea xeral da Rede europea para a Igualdade das Linguas que se celebrará en Dublín, a finais de ano haberá un encontro con entidades sociais e organismos públicos para a avaliación da Carta e o Comité de expertos emitirá o seu informe definitivo para o Consello de Ministros probabelmente a finais de 2019.

Algúns datos do informe

Ensino

- Segundo o último estudo IGE (2014) o 20% do alumnado que remata a ESO non sabe falar galego.
- Mantense o decreto de plurilingüismo a pesar das recomendacións do Comité de Expertos e do Consello de Ministro do Consello de Europa.
- A aplicación da LOMCE impide cumprir os máximos para o galego do Decreto contra o galego da Xunta.
- O ensino público non garante o ensino en galego como establece a Carta.

Xustiza

- Continúa sen haber garantías para o desenvolvemento da xustiza en galego: a xuíces, xuízas e fiscais non se lles require o coñecemento da lingua e a inexistencia de galego nos programas informáticos sobrecarga e provoca atrasos ao funcionariado e á cidadanía quen opta polo galego.

Servizos públicos

- A administración do Estado e os servizos públicos externalizados encabezan os incumprimentos da Carta.
- A inexistencia de requisito de coñecemento do galego ao funcionariado impide a utilización do galego e fica á escolla do funcionariado.
- Evidénciase a inexistencia de formación de calidade.
- Nos concellos, sentenzas como a do TSXG sobre a ordenanza de uso do galego en Lugo supoñen unha regresión dos dereitos lingüísticos da cidadanía.

Medios de comunicación

- Só a TVG garante unha presenza mínima do galego. Porén, é a única emisora pública do Estado que non conta cunha canle específica para a mocidade.
- Os medios en galego son os que menos axuda reciben polo uso do galego.

Servizos culturais

- Caída de publicación de libros en galego.
- Caída do investimento en dobraxe.
- Dificultades para a distribución de cinema en galego.

Vida económica e social

- Non opera neste momento na Galiza ningunha entidade bancaria que permita realizar todos os trámites en galego. No que ten a ver coa banca electrónica só chegan ao 40% as entidades que permiten operacións básicas neste idioma.
- En materia de recursos contractuais, a Xunta de Galiza atribuíu ao Tribunal Central de Recursos Contractuais as súas competencias. Xa que logo, todos os recursos especiais terán que ser redactados en castelán, o que só acontece no caso galego fronte ás outras linguas oficiais no Estado.

Intercambios transfronteirizos

- Os acordos institucionais que facilite ou favoreza os contactos entre Galiza e Portugal continúan a ser anecdóticos.

A Mesa pola Normalización Lingüística vén de facer público o relatorio sobre a situación do galego que entregará o vindeiro 3 de novembro, en Dublín, ao director do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das linguas rexionais ou minoritarias. A entrega formal terá lugar na asemblea xeral da Rede Europea para a Igualdade das Linguas. Desde a entidade de defensa da lingua adiantan que tanto o Estado como a Xunta incumpren as súas obrigas en todas as áreas nas que deben garantir a presenza normal do galego: educación, saúde, vida social e económica, xustiza, lecer, medios de comunicación ou relacións transfronteiras, entre outras.

A Mesa entregará o relatorio sobre a situación do galego o 3 de novembro, en Dublín, ao director do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das linguas rexionais ou minoritarias.

Para mellorarmos a calidade da nosa lingua

Posesivos que se deben evitar

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Os pronomes posesivos teñen unha alta frecuencia de uso tanto na lingua oral como escrita e aparecen en numerosas construcións con diferentes usos e valores. Mais tampouco o funcionamento deste tipo de unidades se ten mantido á marxe das interferencias castelanizadoras. Outrosí, a falta dun modelo culto de lingua nas centurias precedentes deu orixe a unha inconveniente mestura de usos populares ou vulgares con usos formalizados ou cultos. Ben por careceren de tradición histórica, ben por confluiren sincronicamente coa solución da lingua de interferencia, ou por ambos os factores, certas construcións do pronome posesivo viran hoxe altamente sospeitosas de seren castelanismos máis ou menos disfrazados na lingua galega.

Referirémonos en primeiro lugar ao adverbio ou locución adverbial seguido da forma feminina do posesivo con valor circunstancial locativo. O posesivo equivale á preposición “de” + pronome persoal (“a túa casa” = “a casa de ti”); por iso podemos afirmar que os posesivos son os adxectivos correspondentes aos pronomes persoais, funcionalmente substantivos. Tal relación entre os posesivos e os pronomes persoais levou a identificar construcións como “diante de ti” con “*diante túa” ou “detrás del” con “*detrás súa”, as segundas para unhas persoas lexítimas en galego e para outras produto da

interferencia castelá. Sería este o caso máis claro de afastamento do posesivo do valor semántico de posesión ou pertenza, xa que aquí o seu valor é simplemente referencial. Ora, a construción tradicional e propia do galego é a frástica (preposición “de” + pronome persoal: “Estaba detrás dela”), que domina aínda hoxe en todo o territorio. A construción con posesivo (“*enriba miña”) é innovadora no galego

actual, non se atesta regularmente na xeografía galega e apunta, máis unha vez, na dirección do afastamento do portugués e da confluencia co español, que neste caso, alén do máis, a repudia por vulgar na norma culta, a pesar da grande extensión do seu uso. Así pois, parece recomendábel o rexeitamento destas construcións no galego formalizado e culto por se tratar dunha interferencia foránea duplamente condenábel: por castelanismo e por se tratar dun vulgarismo na propia lingua de orixe. Totalmente rexeitábeis tornan tamén expresións aínda máis vulgares e cada vez máis frecuentes no galego falado da xente nova de ámbitos urbanos sobre todo, como “*Paso túa” (por “Paso de ti”) ou “*Riuse miña” (por “Riuse de min”), igualmente de clara filiación castelá e propias do rexistro coloquial.

Un caso diferente parece ser o de “en contra nosa”, onde a presenza do posesivo se xustifica pola interpretación de “contra” como substantivo (véxase “na nosa contra”), equiparábel ao caso de “ao lado seu” (= “ao seu lado”, mais non “*ao lado súa”). Sería este tamén o caso de “ao pé noso”, “ao redor seu” ou “a/ao carón voso”, onde o carácter orixinariamente substantival do seu núcleo permite considerar lícita e tradicional a presenza do posesivo na estrutura xerada, coa súa forma masculina ou feminina segundo demandaren as regras da concordancia (“ao lado teu”, “á beira túa”, mais nunca “*ao lado túa”, “*ao carón súa” ou “*ao redor miña”).

Por outro lado, hai un uso do posesivo, nomeadamente o de primeira persoa, como fórmula de respecto e acatamento seguido do título, dignidade ou cargo que posúe a persoa a quen o falante se dirixir (“Si, meu señor”; “Nosa Señora nos axude”), e de modo particular como recoñecemento de obediencia no ámbito da disciplina militar (“Ás súas ordes, miña capitá”). Polo xeral o posesivo de respecto non vai precedido de artigo por seren os substantivos capaces de presentaren un contido sémico de máis respecto os que escollen a estrutura non articulada (“Meu pai rifoume”, “Túa ama coida ben de ti”). Mais fálase igualmente dunhas formas átonas fosilizadas de respecto “*mi(s)”, “*tu(s)”, “*su(s)” a acompañaren substantivos como “padre”, “madre”, “tío”, “señor” ou “amo”,

cuxo uso (“*mi padre”, “*tu madre”) é sentido como arcaizante e que hoxe se atestan case exclusivamente en determinados ámbitos da fala coloquial, con presenza tamén nalgunhas cantigas populares e na literatura dos dous últimos séculos, nomeadamente a forma “*mi”. Na realidade, semella estarmos perante unhas formas procedentes do español, que sociolingüisticamente veu cumprindo na Galiza funcións de respecto, e que non figuran nos glosarios medievais nin no portugués. Difícil parece neste caso non termos en conta o contexto diglósico en que o galego moderno e contemporáneo se desenvolveu, ben como a influencia castelanizante da escola e da Igrexa.

Por tanto, na procura dun galego máis auténtico e de calidade debemos rexeitar o uso de formas como “*diante miña” e “*mi madriña” para as substituímos por “diante de min” e “miña madriña”.

CERTAS
CONSTRUCCIÓNS
DO PRONOME
POSESIVO VIRAN
HOXE ALTAMENTE
SOSPEITOSAS
DE SEREN
CASTELANISMOS
MÁIS OU MENOS
DISFRAZADOS NA
LINGUA GALEGA



Xosé Ramón Freixeiro Mato é catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa na Universidade da Coruña. As súas principais liñas de investigación son a gramática galega e a lingüística textual, a lingua literaria e a estilística, e a historia externa da lingua, a sociolingüística e a calidade lingüística.



Aquelas persoas que precisen unha aclaración sobre produtos e medicamentos do SERGAS, deben contactar coa empresa estadounidense Medtronic, á cal só poden dirixirse en castelán ou inglés.

Unha concesionaria do SERGAS só usa castelán ou inglés

O goberno do Partido Popular non só deteriora e aplica recortes na sanidade senón que tamén elimina a atención en galego ás e aos pacientes que precisen poñerse en contacto co Servizo Galego de Saúde ante posibles dúbidas sobre produtos tan necesarios como, por exemplo, bombas de insulina.

Aquelas persoas que precisen unha aclaración sobre produtos e medicamentos do SERGAS, deben contactar

coa empresa privada estadounidense Medtronic e á cal só poden dirixirse en castelán ou inglés. Segundo sinalou o presidente da Mesa, Marcos Maceira, “este é un exemplo máis de servizo público externalizado que é utilizado pola propia Xunta para negar a posibilidade de utilización do galego”.

Este caso non é único, lembran desde a Mesa, pois en anos anteriores denunciaron como nas oposicións o castelán prevalece sobre o galego ou como se teñen dado casos nos que se lle

atrasa a operación cirúrxica a pacientes que solicitaran poder asinar o consentimento na lingua propia de Galiza.

Para Maceira, “a Xunta debería ser a primeira en cumprir coas obrigas legais que ten encomendadas e tamén exixirlles ás concesionarias que empresten os seus servizos nas mesmas condicións que de ser público. A privatización non pode ser escusa para a vulneración de dereitos lingüísticos e menos en casos coma este que van aparelados co dereito á saúde”.

Feixoo, nunha visita ao novo hospital de Vigo.

MásMóvil despreza os dereitos lingüísticos dos galegos e galegas

A Liña do Galego, o servizo gratuíto que ofrece A Mesa para denunciar a vulneración de dereitos, voltou a rexistrar no mes de agosto unha queixa na que se comprobaba, mediante unha gravación telefónica, como a compañía Más Móvil lle negaba a atención en lingua galega a un galego.

A compañía de teléfonos estaba realizando unha promoción comercial cando o posíbel cliente lle solicitou se dispoñían de servizo de atención en galego, ante esta cuestión o traballador respondeulle “hablamos castellano” ou “la compañía es nacional y habla castellano que es el idioma oficial”, facendo fincapé en que tampouco dispoñen servizo noutras linguas que tamén son oficiais como euskera e catalán.

Cómpre lembrar que este feito supón unha vulneración de dereitos lingüísticos e contravén a lexislación en vigor como son a Lei 1/2010, relativa aos servizos no mercado interior na que se establece o respecto pola lei de normalización lingüística e a promoción do uso oral e escrito do galego ou a Lei galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias que recoñece uns dereitos lingüísticos mínimos, como que “as persoas consumidoras, nas súas relacións de consumo, teñen dereito a usar calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galiza”.

Para Elsa Quintas, directora do Observatorio de Dereitos Lingüísticos, esta actitude por parte de empresas telefónicas, implica vulnerar dereitos básicos como poder empregar a lingua galega en Galiza e tamén conleva unha perda de postos de traballo, xa que ao ter atención exclusivamente en castelán os centros de chamadas poden ser deslocalizados a outros países.

Desde o Observatorio apuntan a que este caso desgraciadamente non é novo, pois teñen tramitado queixas en anos anteriores contra outras compañías que tamén se negaron a cumprir co que dita a lexislación. Ante a situación que se dá, Quintas anima a solicitar atención en galego como maneira de contribuír á creación de postos de traballo no país e tamén como medida de presión para que as compañías respecten os dereitos lingüísticos.



“Fronte á negativa das compañías debemos exixir o noso dereito a sermos atendidos na nosa lingua”, afirma Elsa Quintas.



Ciudadanos volta a atacar o galego

Ciudadanos voltou a tomala coas linguas para tentar gañar algo de protagonismo, mais este afán evidenciou unha ignorancia supina ao demostraren un descoñecemento total da situación lingüística que viven comunidades do Estado español que contan con linguas propias. A Mesa instou a responsábeis deste partido a se informaren sobre a situación sociolingüística que se vive na Galiza para ver como a súa estafalaria proposta carece de sentido.

O presidente da Mesa, Marcos Maceira, declarou que a proposta de C's para evitar que o galego sexa indispensable para acceder á función pública é populista e pretende limitar aínda máis as cativas conquistas e dereitos conseguidos pola mobilización social a prol do idioma. "Pretenden prohibir de



Na parte superior, Marcos Maceira, presidente da Mesa; abaixo, o deputado de Ciudadanos Toni Cantó.

novo o uso do galego culpabilizando as vítimas e negando dereitos humanos básicos como non padecer discriminación por razón de lingua". Maceira anima a Cantó e a Rivera a leren o informe da Liña do Galego para comprobar que en Galiza estanse a vulnerar dereitos lingüísticos, lexislación e que sempre se producen nunha dirección, contra o galego. Cada ano rexístranse centos de casos de vulneración de dereitos, prohibicións ou imposibilidade de uso da lingua galega e non só se dá en empresas privadas senón que tamén se dá na administración pública.

Segundo o presidente da entidade de defensa e promoción do galego, no informe da Liña do Galego do ano 2017 até un 54% das queixas rexistráronse por incumprimentos da administración pública, o que botaría por terra as falacias e mentiras de Ciudadanos.

Desde a Mesa citan casos de especial gravidade para que os deputados

e deputadas laranxas comprobem que só se basean en prexuízos e mentiras carecentes de sentido; na Galiza danse casos onde se obriga a pacientes do Sergas a asinaren consentimentos para operacións en castelán baixo a coacción de aprazamento no caso de reclamar un documento tipo en galego, negativas a sermos atendidas en galego polas forzas de seguridade,

imposibilidade de realizar a declaración da renda en galego ou mesmo agresións lingüísticas por parte de funcionarias da Xunta en Lugo, atrancos para ter un procedemento xudicial en lingua galega, etc. son algúns dos casos máis graves.

Ante actitudes galegófobas como estas, desde a Mesa apuntan a que se

guirán traballando con ilusión a prol da lingua galega e continuarán defendendo os dereitos lingüísticos, así como denunciando as vulneracións que se produzan.

**MACEIRA:
"CIUDADANOS
PROCURA
PROTAGONISMO
CUN DISCURSO
REACCIONARIO E
DISCRMINATORIO"**

A liña do galego app



COMO USALA?

- Para o envío de queixas e parabéns hai que cubrir un formulario co título, localización, data, información e ademais pode achegarse unha imaxe.
- Se non respectan o dereito de empregar o galego, usamos a queixa.
- Se respectan os dereitos lingüísticos e teñen unha conduta exemplar, usamos os parabéns.
- Outras persoas poden ver as noticias e compartilas socialmente.

As reclamacións e mensaxes son procesadas de forma confidencial, sen os seus datos para o público.

Coa aplicación da Liña do Galego queremos fortalecer o obxectivo de dar cobertura e amparo ás persoas ás que se lles impide desenvolver a súa vida na lingua propia do país.

UNHA FERRAMENTA PARA AVANZAR NO DEREITO A VIVIR EN GALEGO

A Mesa pola Normalización Lingüística ofrece unha aplicación para teléfonos móbiles que permite o envío sinxelo de queixas e parabéns polo uso do galego dentro do proxecto da Liña do Galego.

A Liña do Galego é un servizo gratuito ofrecido pola Mesa pola Normalización Lingüística dirixido a toda a poboación que desde o ano 2007 atende consultas sobre dereitos lingüísticos e tramita queixas cara ás institucións, empresas etc, que os vulneran; así como parabéns para quen dea pasos cara a garantir o dereito a vivir en galego.

O obxectivo desta aplicación é proporcionar aos usuarios/as unha nova forma de comunicación coa Liña do galego, que permita o envío de queixas e parabéns dunha forma sinxela, rápida, segura e cómoda. Unha ferramenta destinada a persoas que fan a elección de vivir en galego. Para persoas que queren atopar o galego en calquera lugar, que sosteñen o desexo de vivir en galego e que queren mostrar as dificultades para avanzar.

Máis información en:

www.amesa.gal

linhadogalego@amesa.gal

Tel. 902 106 474

